

CIRCULAR Nº 15
CURSO ESCOLAR 2020/2021

Estimados pais ou titores legais:

Comprácenos poñernos en contacto con vostede para informarlles que no DOG do 13 de novembro aparece publicada a ORDE do 6 de novembro de 2020 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria ... para o curso escolar 2020/2021 (código de procedemento ED330E).

Son beneficiarios da axuda directamente todo o alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2020/2021, polo que non terán que presentar a solicitude.

As demais familias no caso de querer beneficiarse destas axudas deberán presentar debidamente cubertos os impresos de solicitude (**ED330E anexo I e II**) e serán presentadas na Secretaría do Centro en **horario de 09:00 a 14:00 horas, previa petición de cita ao teléfono 886 15 15 13 (deberán vir provistos de máscara). O prazo rematará o día 27 de novembro de 2020.**


Poden atopar máis información e os impresos na páxina web do centro:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/index.html>

Ou no portal educativo, enderezo: <http://www.edu.xunta.gal>

Aproveitamos a ocasión para saudarlles atentamente.

O DIRECTOR



Asdo.: José Manuel Sánchez Moure